

Camilo Franco

Tabú e tópico

Entre as miñas lecturas iniciáticas nunca figurou aquel libro de Margaret Mead que merquei nun saldo retirado dos quioscos tralo fracaso dunha colección coa que se pretendía ilustrar ás clases desfavorecidas co mellor da cultura occidental. Como ninguén nunca, baixo ningún concepto, deixa de formarse unha opinión por pouco documentada que esta estea, eu deducín da única lectura que fixen do libro, a do seu título, que Adolescencia, sexo e cultura en Samoa era un adianto da utopía. Deducín algo máis e mesmo algo que por contraposición me parecía espectacular: os adolescentes daquela cultura nos antípodas tiñan máis ben pouca necesidade de masturbarse. Foi unha dedución sensacional desde o punto de vista literario e terrible desde o punto de vista científico. Neste lado do mundo, eu, como case toda a miña clase social, estaba condenado ao traballo manual.

A parte sensacional da dedución ten que ver con dúas circunstancias lectoras: a primeira, chegar á conclusión de que aquela era unha sociedade sexual só porque a autora decidira incluír a palabra sexo no título. É dicir, tiñan o sexo explícito. A segunda cuestión, evidente, era que naquela altura da miña vida non consideraba que a masturbación (a propia) fose unha práctica sexual.

Logo descubrín que nalgunhas edicións de tan deostado libro, a palabra sexo non aparecía no título e comecei a comprender por que as mulleres protagonizan tantos anuncios de automóbiles. Ao tempo comecei a entender algunhas outras cousas aínda que ningunha delas excesivamente útiles. A primeira delas é que hai un procedemento social, non sei si planificado ou intuitivo pero tremendamente efectivo, que primeiro constrúe un muro arredor de un argumento para logo suxerilo constantemente como un medio de tracción. Pasa co sexo. Pasa con esa fronteira estúpida marcada entre os que din coñecer a diferenza entre o erotismo e a pornografía. Pero o sexo, por unha vez, é o fácil. A sociedade repite a actuación con cousas tan altisonantes e que xeran tanta literatura como a liberdade.

Quizais por iso comecei a disociar a palabra tabú da palabra sexo e vin que a sociedade vai repetindo os comportamentos de maneira máis ben pouco sutil ou incluso aborrecida e cando un algo desexable ou que nos fai mellores circula con demasiada facilidade, comeza un movemento pouco disimulado de represión e un xogo de mensaxes subliminais que nos asegura que un pode chegar a ese estadio do desexable por calquera vía menos pola lóxica ou directa. Como esta é unha sociedade capitalista, agora a forma é maioritariamente comercial. Pulir os cartos nun centro comercial é un xeito de combater o tabú. O xeito que mellor convén ao comercio.

Nalgún outro momento da revelación decateime de que esta é unha sociedade majete-democráta. Un campionato do bo rolo expandido ata o punto de convertelo en doutrina política finisecular: o talante. Os siloxismos continuados deberían conducirmos a unha evidencia. O tabú non pode operar hoxe como naquela época de curas exaltados, de mulleres que pecaban por omisión e de homes que o facían por ir alén do pensamento. O tabú non pode ter agora a compoñente estritamente sexual que alimentou as portadas de case todas as revistas da transición ás que tiven acceso, desde Interviú ao Penthouse pasando polo Lib. Ese tabú hoxe non levaría a xente a Perpiñán porque unha vez que un adolescente é capaz de ler nun libro de texto como é exactamente o acto da reprodución humana non hai líbido capaz de madurar.

Os mecanismos do tabú funcionan de maneira correctora. Tenden a formarse como as

pérolas no interior dunha ostra: hai unha area que molesta e o organismo procede a envolvelo cunha capa que, en certo sentido, pode ser de fantasía. Recóbrego de imposibilidade. Da imposibilidade de nomealo, da imposibilidade de proceder sobre el. Nun sentido evidente quen establece o tabú non quere recoñecer a natureza humana. Este é un asunto por demais a debater porque, habitualmente, os tabús veñen decididos en occidente por aqueles que máis intensamente cren na orixe divina do ser humano. Será por iso, pola fe que teñen nas súas crenzas, que non acreditan tanto no ser humano como especie animal e tampouco cren no ineludible do seu comportamento. Calquera sociedade que estableza un tabú podería ter a completa seguridade de que, algún día, será sobrepasado. En certo xeito, o tabú é a rotonda da fantasía. Obriga a dar unha volta, a non entrar ás cousas polo centro, quizais a facer algunhas filigranas que acaben como grandes xiros literarios. Ao cabo, o tabú como a censura, serve para que algúns escritores abandonen as frases feitas ou os cineastas consigan unha elipse que todos os cineclubistas sinalen cincuenta anos despois nun casino de provincias.

Deixeime levar polo pasado. Pero o pasado tamén é un tabú do que aínda non se fala con confianza en moitas familias galegas. De novo no presente, a cuestión non será tanto saber cales eran os tabús mal curados que puñan cachondo ao meu avó como saber cales son os tabús da sociedade contemporánea. Non aqueles herdados da vella mitoloxía sexual cristiá, nin os impostos de maneira máis ben pouco culta polo nacionalcatolicismo. O estupendo sería saber cales son os tabús operantes diariamente na sociedade que fai ruído de portas afora desta sala. Os tabús que operan nos medios de comunicación, nas medias verdades dos escritores orgánicos e naqueles que, aínda en fase embrionaria, anda ceibos polas escolas. Hainos, seguro.

Os tempos caen e os tabús transfórmanse. Non desaparecen porque son unha ferramenta de control social. Como a violencia. Pero, se a violencia se refina, por que os tabús non habían de cambiar de maneiras. Agora, claro, estamos nunha sociedade, a occidental, que se sente civilizada e, por días, incluso civilizadora. A unha sociedade comfortable quizais lle corresponda un tabú relaxado e displicente. Desde logo non moi vociferante pero estendido. Un tabú mol como corresponde a unha sociedade que vai ao cine ás seis da tarde.

Volvemos atrás e se pensamos que o tabú é o que non se pode dicir, o non expresado, e nos poñemos a buscar que é o que non se expresa agora, encontraremos un cento de argumentos cubertos todos de unha capa de disimulada progresía. Argumentos que negan a palabra para advertirnos inmediatamente que o silencio é unha prudencia, que hai que ter en conta os auditorios e que, aínda máis, hai argumentos que non reúnen a conveniencia de ser tratados en público. Tabú, por tanto. Pode que circunstancial, cambiante, superficial. Pero son adxectivos que se corresponden coa perspectiva pública do corpo social. Un tabú con perfil baixo. Hai unha correspondencia, pero non sei se obvia: un tabú sobre cousas que non se poden dicir é perfecto para unha sociedade que non quere escoitar.

A transferencia aínda debería levarnos máis lonxe, a un lugar onde xa case non hai paradas de bus. Porque, en moitos sentidos, a construción do tabú é un proceso traballoso con algo de pedagóxico e os seus autores consideran unha mágoa botar a perder tanto esforzo. Por iso debe de ser que na operación tabú destes últimos tempo hai un proceder novo. En lugar de prohibir algunhas palabras escollidas, as novas maneiras aconsellan encher o espazo social das súas antónimas. Un éxito da propaganda socialdemócrata. Pode parecer un cambio de conversa, pero en realidade é a construción do tópico. O tópico é un líquido que circula con moita fluidez nunha sociedade con demasiada dependencia mediática.

Pero o tabú contemporáneo, o coetáneo a nós, prodúcese exactamente nun espazo paradóxico. O tabú hoxe é tentar contradicir o tópico, buscarlle as cóxegas como ferramenta de distracción, revelar o seu carácter ficcional ou forzar a máquina para que alguén perciba canto hai de conveniente nalgúns das afirmacións que a diario se aceptan como tal, sen que haxa nada de razoable no seu enunciado. Diría que agora máis que nunca hai que militar contra o tabú porque se antes bastaba con pronunciar o non permitido, agora hai que razoar a contracorrente para demostrar que nada é como nos foi confiado. O tabú é unha arma para defender as aparencias. Está todo o mundo contra as aparencias?

Por ánimo enumerador poderíamos citar algúns tabús que, cando son citados, producen no auditorio acenos de reprobación: Ningunha literatura precisa dunha gran novela. Chéjov é máis moderno que Joyce. O ser humano é unha especie animal. A especie leva avanzado moito máis no tecnolóxico que no cultural. A confusión que en mentes brillantes xera esta idea de que todo adianto técnico é unha forma de progreso. Non decatarnos nunca de que o feito de que un chimpancé poida disparar unha metralladora o autorice moralmente a usala e actuar en consecuencia. Non admitir que hai un cento longo de días que non estamos por riba dos chimpancés aínda que teñamos máis puntería. Hai máis. Estou por incluír un de cor local para ver ata que punto molestan as palabras. Pero non sei. Non sei se Navarra forma ou non parte de Euskalherria e supoño que en función de quen sexa o auditorio será tabú nun ou noutro sentido.

Estas listas non se acaban nunca. Cada quen pode engadir algún caso particular. Outra das diferenzas da moderna existencia do tabú é que agora ten unha certa capacidade de adaptación a espazos domésticos. Adaptable como calquera dos mobles que a tele anuncia de madrugada.

A outra opción é aquel vello truco dos escolares cando tiñamos dificultades cunha polisílabo: pronunciala unha e outra vez ata que desaparecía o muro que dificultaba a lingua. Pronunciar as palabras e aínda ter en conta que a razón non é para tela senón para usala. Para o resto incluso chega un pouco menos de respecto mal entendido e un pouco máis de curiosidade. E se vos queda curiosidade por saber como cambiei de opinión sobre a masturbación, podedes preguntar sempre que o tabú non vos dea corte.